

Canción cooperativa




Educación Primaria

3 a 7 anos



Nivel

Básico



Temporalización

4 a 6 sesións



Socios

4 a 6 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Crear, colaborativamente, unha canción que represente ó proxecto.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

Crear unha canción cooperativa partindo dunha melodía sinxela. Os distintos centros gravan vídeos do alumnado interpretando as súas novas estrofas. Realízase un vídeo final cooperativo unindo todos os aportados polos centros membros.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1:

O profesorado busca de entre as canles de cancións infantís (Super Simple songs, Merry Music Box, Dream English, etc) e decide qué canción se utiliza para a realización da actividade. Compártese en Materiais-Vídeos do Twinspace. Ten que ser unha canción

que permita ir engadindo elementos, segundo o tema do proxecto, para formar as novas estrofas.



Paso 2:

Sóbase un arquivo de audio en formato mp3 a Materiais-Arquivos para utilizalo como pista de son e gravar con ela ó alumnado. Tamén pode usarse o vídeo orixinal e o alumnado canta a súa parte coa canción de fondo.



Fase 2: Posta en práctica

Paso 3:

Cada socio grava a súa nova estrofa utilizando a pista de son ou a canción orixinal de fondo. Na realización do vídeo cada centro ten que aportar algún elemento representativo do tema do proxecto. Se o mesmo é sobre mascotas o alumnado levaría bonecos de peluches da mascota elixida, se é sobre instrumentos musicais cada centro aportaría o seu propio instrumento ó cantar a súa estrofa, verbos de acción, habilidades, etc. O profesorado previamente elixiu o elemento que utilizará para que non haxa repeticións.



Paso 4:

Créase unha páxina no Twinspace na que se explica a tarefa. Créanse subpáxinas onde cada centro amosa cómo traballou a canción e cómo elixiu o elemento para a súa estrofa.



Paso 5:

Compártense as gravacións por email ou por www.wetransfer.com e finalmente realízase un vídeo final cooperativo unindo todos os aportados polos centros membros. Compártese nunha nova páxina do Twinspace.



<https://wetransfer.com/>

Fase 3: Recollida de datos e promoción.

Paso 6:

A actividade finaliza cunha videoconferencia na que cada centro canta a súa nova estrofa e finalmente todos xuntos cantan a canción completa. Créase unha nova páxina para compartir vídeos e fotos sobre a videoconferencia.



Ordenador con cámara web, altavoces, micrófono, pizarra digital o proyector.



Paso 7:

O profesorado comenta o desenvolvemento da actividade no Diario do Proxecto



PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Canción colaborativa en vídeo. Presentación de vídeos, fotografías no Twinspace. Mural permanente sobre o proxecto nos centros.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- TwinSpace para compartir fotos ou vídeos da actividade.
- Wetransfer para a montaxe do vídeo da canción final colaborativa.
- Videoconferencia en TwinSpace ou Skype.